



PLAN DIGITAL

[IES DE POIO]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES de Poio, situado no Concello de Poio (rúa Fontenla, nº 27) pódese contactar dixitalmente na dirección web <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesdepoio/> ou no correo electrónico ies.depoio@edu.xunta.gal. Cunha matrícula nos últimos cursos unha media de 500 estudantes e un corpo docente de 55 de media (no actual curso 2022 o alumnado acada a cifra exacta de 521 e o profesorado de 52) para atender os estudos da ESO (aproximadamente dezaseis unidades), Bacharelato nas modalidades de ciencias e de humanidades e ciencias sociais (catro unidades) e Ciclo Medio "Guía no medio natural e de tempo libre" (dúas unidades), o IES de Poio é o único Instituto de Educación Secundaria público do concello.

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O concello de Poio, de carácter periurbano (xa que limita polo leste coa capital de provincia de Pontevedra, está formado por cinco parroquias [San Xoán (a máis urbanizada), San Salvador, Combarro, Samieira (a máis rural) e Raxó] que serven para diferenciar ao alumnado, xa que o instituto é o único espazo do concello onde convive a mocidade de todas as parroquias. Cun crecemento de poboación constante e co turismo como principal motor económico (grazas ás súas praias, ao centro histórico artístico de Combarro ou a monumentos de interese artístico nacional coma o Mosteiro de Poio), o concello artéllase arredor dos sectores marítimo-marisqueiro, conserveiro, artes gráficas e téxtil.

Aínda que o alumnado presenta unha procedencia heteroxénea (procedendo tanto de zonas moi urbanizadas coma de zonas rurais ou da etnia xitana da zona chabolista de O Vao), socioculturalmente presente bastante homoxeneidade, xa que na súa maior parte as familias encadran a súa actividade no sector terciario, no sector pesca (marisqueo e pesca de baixura) ou coma asalariados da construción, cun nivel educativo maioritario de estudos primarios e secundarios e cunha minoría con estudos superiores. Maioritariamente o alumnado procede das escolas públicas do mesmo concello, de todas as súas parroquias, cunha pequena incidencia de alumnado inmigrante (só un 5% son nados fóra de España e a maioría deles teñen nacionalidade española). Desta porcentaxe a maior parte é oriunda de Hispanoamérica, doutros países europeos ou de orixe africana, en concreto de Senegal.

Dentro deste contexto, o presente Plan Dixital pretende contribuír ao desenvolvemento da Competencia Dixital da comunidade educativa, coa intención de transformala nunha organización educativa dixitalmente competente. Competencia clave, elemento transversal, medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe, elemento facilitador de recursos didácticos, ferramenta que facilita a aplicación de plans educativos específicos e que contribúe á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo... todas estas facetas veranse reforzadas por mor das actuacións recollidas neste plan.

No ámbito das novas tecnoloxías o instituto de Poio leva tempo procurando a progresiva renovación e dixitalización das aulas (tanto de grupo como das específicas aulas de informática) coa intención de que a comunidade educativa poda ter ao seu dispor medios suficientes. As novas tecnoloxías e a súa aplicación dentro de proxectos dixitais europeos son tamén o eixo dun dos

programas de gran traxectoria no centro, o proxecto eTwinning., dentro do cal o centro ten levado diferentes recoñecementos ao longo do tempo.

Breve xustificación do mesmo

O desenvolvemento do PD do centro vese amparado polo marco normativo establecido polos artigos 111 bis, 121 e 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación e pola normativa autonómica amparada baixo a disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, da disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022 e da Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Proceso de elaboración

En liña co marco normativo establecido, o Equipo de Dinamización do Plan Dixital do instituto reuniuse para, en base á información recollida por medio do informe SELFIE, do Test de Competencia Dixital Docente e sintetizada nun DAFO sobre a Competencia Dixital da comunidade educativa do IES de Poio, establecer as actuacións necesarias para dinamizar o proceso de transformación dixital – dixitalización do centro educativo, favorecendo o desenvolvemento da competencia dixital dos diversos membros da comunidade educativa e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a partir dos diferentes procesos postos en marcha e recollidos neste plan.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro dispón de conexión mediante cable de fibra óptica cunha velocidade pico de transmisión de 1 Gbps, aínda que a velocidade media comprobada nos equipos do centro e de 100 Mbps.

Practicamente a totalidade dos equipos do centro empregan conexión cableada e dispoñen de ip fixa ordeada en rangos.

Para a conexión de equipamento individual do profesorado (teléfonos intelixentes, tabletas, etc) dispónse da rede inalámbrica proporcionada para o centro (edu.xunta.es) con cobertura en todo o recinto.

Descrición do equipamento do centro:

- Equipación de aula consistente na meirande parte dos casos en computador persoal, proxector e pizarra dixital interactiva (PDI), tanto nas aulas comúns coma nas específicas.
Este material proven de varias partidas de dotación, polo que o seu rendemento e estado de conservación e diverso, e en ocasións, deficiente.
En aulas puntuais non se dispón de PDI.
- Biblioteca con ordeador persoal, proxector e altofalantes. Non dispón de PDI.
O alumnado dispón asimesmo de seis tabletas con conexión a internet para realizar consultas. As devanditas tabletas
- Aula específica informática I .
 - Equipo informático profesor.
 - Proxector e pizarra dixital interactiva.
 - 22 equipos alumno cunha porcentaxe de equipos con máis de 10 anos de antigüidade en torno o 60% dos cales máis da metade superan os 15 anos.
- Aula específica informática II .
 - Equipo informático profesor.
 - Proxector e pizarra dixital interactiva.
 - 28 equipos alumno cunha porcentaxe de equipos con máis de 10 anos de antigüidade en torno o 50%.

O mantemento do equipamento do centro recae sobre o coordinador TIC, e cando é preciso solicítase apoio da UAC ou de empresas externas.

Páxina web <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesdepoio/>

O centro dispón dunha estrutura creada na aula virtual e todo os alumnos e o profesorado que o demandou, un usuario creado neste espazo.

O centro emprega a plataforma abalar como medio complementario de distribución de información de cara o alumnado e as familias.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Pode ser interesante incluír a información do resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo Direct.		2,9	2,8	2,9	
	Profesorado		2,9	2,7	3	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3	3,1	2,9	
	Profesorado		2,8	2,4	2,6	
	Alumnado		2,9	2,3	2,5	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,1	3,2	3,1	
	Profesorado		3,3	2,9	3,3	
	Alumnado		3,4	3	2,6	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,2	3,1	2,9	
	Profesorado		3,3	2,9	3	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,9	4	3,8	
	Profesorado		4,1	4,1	4,2	
	Alumnado		3,7	3,9	3,3	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,1	4	2,8	
	Profesorado		3,2	4,1	3,5	
	Alumnado		3	3,9	2,9	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,8	2,9	2,6	
	Profesorado		2,9	2,7	3,4	
	Alumnado		2,7	2,2	2,8	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,2	3,1	3	
	Profesorado		3,2	3,3	3,7	
	Alumnado		3,1	2,9	2,6	

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>22</u>	<u>34</u>	<u>64,7%</u>
PROVISIONAL	<u>6</u>	<u>10</u>	<u>60%</u>
INTERINO	<u>4</u>	<u>6</u>	<u>66,7%</u>
SUBSTITUTO	<u>3</u>	<u>6</u>	<u>50%</u>
DESPLAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>80,9</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a(B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	<u>82,5</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>79,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
BAC	<u>85</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77,9</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
F.P	<u>60,5</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>80,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>15</u>	<u>49,2%</u>
B1	<u>10</u>	<u>28,6%</u>
B2	<u>7</u>	<u>20%</u>
C1	<u>3</u>	<u>8,6%</u>
C2		
TOTAL	<u>35</u>	<u>100%</u>

Outras fontes: Incluir a información relativa a outras fontes empregadas para a análise DAFO.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Equipamento básico na totalidade das aulas (PC, proxector e altofalantes). 2. Pizarras dixitais interactivas en case todas as aulas. 3. Conexión de rede de banda ancha (fibra óptica) 4. Posibilidade de acceso a rede mediante tecnoloxía WiFi en todo o centro. 5. Disponibilidade de dúas aulas específicas de informática. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Gran cantidade de dispositivos, que ademais precisan interactivar, xenerando moitas incidencias e provocando inseguridade no profesorado. 2. Demoras na resolución das incidencias, deixando o profesorado sen os medios cos que conta normalmente. 3. Parte da dotación obsoleta, con rendemento por debaixo do requerido (por exemplo, varios equipos do 2006 en aula informática). 4, Rede WIFI problemática na conexión.
	PERSONAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Media idade relativamente baixa (maior competencia dixital en xeral e flexibilidade ante novos proxectos) 2. Alto grao de implicación 3. Alta capacidade de adaptación, claramente reflectida no emprego de novas vías de ensinanza na situación pandémica. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Movibilidade de profesorado relativamente alta, o que dificulta o desenvolvemento de plans a medio e longo prazo e a formación común. 2. Capacidade xeral limitada en canto a creación de recursos dixitais. 3. Capacidade xeral limitada en canto o emprego e coñecemento de recursos educativos en liña e entornos virtuais de aprendizaxe. 4. Desigualdade na formación dixital do profesorado.
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Boa disposición do alumnado cara a innovación e o emprego da tecnoloxía desenrola das actividades educativas. 2. Alumnado coidado co material en xeral, quedando reflectido no mantemento dos equipos informáticos e demais dotación TIC (material moi usado o longo de moitos anos en bo estado) 3. Conflictividade relativamente baixa e moi localizada en persoas concretas. 4. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Emprego acusado da tecnoloxía fora do centro para actividades de lecer en detrimento do emprego en actividades de aprendizaxe. 2. Porcentaxe elevada de alumnado con situación socio-familiares complexas. 3. Diferencias entre alumnado cara a posibilidade de acceso a internet fora do centro educativo 4. Diferencias entre alumnado en canto os medios dixitais dispoñibles nos seus fogares. 5. Desigualdades entre a competencia dixital do alumnado. 6 Falta de motivación do alumnado.
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Relación directa e sinxela e retroalimentación fuida mediante o emprego da plataforma abalar e a comunicación telefónica (a falta do contacto directo derivado da situación pandémica) 2. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Diversidade no grao de implicación das familias. 2. Desigualdades notorias no grao de coñecemento das familias respecto do uso das ferramentas de traballo e de comunicación empregadas dende o centro educativo. 3. Diferenzas nos medios tecnolóxicos dispoñibles nos fogares do alumnado.
	OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Transporte axeitado e de balde para todo o alumnado favorecendo a asistencia e puntualidade. 2. Cafetería no centro que permite o alumnado mercar variedade de alimentos e bebidas, incluíndo froita fresca. 3. Liñas consolidadas de alumnado na ESO, Bacharelato científico, Bacharelato humanidades e ciencias sociais. 4. Moita demanda no Ciclo medio "Guía no medio natural e de tempo libre" 5. Longa traxectoria en PLAMBE, no Programa CUALE e nos Contratos-Programa. 6. Continuidade do alumnado que remata a ESO e pasa a Bacharelato (a penas cambios de centro) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. A necesidade de transporte de case a totalidade do alumnado e a atomización das vivendas dificulta a posibilidade de levar a cabo tarefas, proxectos e actividades grupais fora da xornada lectiva. 2. Oferta limitada da cafetería de cara a comer no centro. 3. Ampla diferenza entre o alumnado matriculado en 1º e 2ºESO e o alumnado que remata a ESO
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Biblioteca dinámica e con espazos axeitados para o uso do alumnado. 2. Disposición de dúas aulas TIC. 3. Dotación de equipos dixitais para alumnado con escasos medios no fogar. 4. Boa oferta de materias de matrícula en función do número de alumnado matriculado. 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Estratexia dixital falta de concreción e difusión. 2. O apoio técnico é en ocasións lento e insuficiente. 3. Aulas informática con certas limitacións e parte de equipamento obsoleto 4. Grupos en ocasións excesivamente numerosos que dificultan novas metodoloxías de ensinanza. 5. Programa de xestión biblioteca antigo. 6, Dificultade para constituir grupos nalgunhas materias pola oposición da administración a pesares da presenza de profesorado para impartila.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Reparto de equipos entre o alumnado con dificultades económicas 2. Dotación económica extraordinaria por mor da COVID-19 3. Oferta PFPP orientada ao uso das TIC na aula. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Excesiva carga burocrática e administrativa na actualización dos recursos tecnolóxicos 2. Baixos recursos económicos e falta de fondos á hora de actualizar equipos. 3. Sensación de infoxicación por parte da administración a familias e profesorado. 4. Falta dun criterio claro sobre a dixitalización dos centros educativos máis alá de Edixgal. 5.
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Creación de plans para o desenvolvemento tecnolóxico dos centros 2. Protección da autoría na creación de materias dixitais mediante os dereitos de autor 3. Maior percepción da importancia da protección de datos entre a comunidade educativa. 4. 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Excesiva carga burocrática e administrativa que limita o tempo adicado ao desenvolvemento de tarefas docentes 2. Escasez de recursos dixitais de código aberto 3. Falta de concienciación da importancia da protección de datos entre o alumnado. 4. 5.
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comunicación coas familias a través da aplicación Abalar 2. Compromiso da ANPA coa formación do alumnado do centro. 3. 4. 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. En ocasións baixos niveles de competencia dixital das familias. 2. Pouca implicación das familias nalgúns casos 3. Falta de soltura xeral das familias respecto do uso das ferramentas de traballo e de comunicación empregadas desde o centro educativo. 4. 5.
	ANPA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Creación de novos espazos onde facer un uso pedagóxico 2. Toma de conciencia da necesidade de dispoñer de recursos tecnolóxicos 3. Toma de conciencia da necesidade de saber manexar os recursos tecnolóxicos empregados desde o centro educativo. 4. 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Baixo uso das tecnoloxías con fines pedagóxicos por parte do alumnado fóra do centro. 2. Emprego inadecuado de redes sociais ou medio tecnolóxicos 3. Problemas de interacción e comunicación respetuosa entre iguais neste ámbito. 4. 5.
	OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> 1. Boa disposición dos axentes locais para a colaboración en actividades culturais 2. Conexión con diversas entidades como as universidades para ampliar recursos 3. 4. 5. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Pouca oferta tecnolóxica para compensar a falta de dispositivos 2. Escasez de campañas de formación dirixidas a mellorar a competencia dixital 3. Entidades colaborativas limitadas ao local. 4. 5.

3. Plan de Acción

O plan de acción deseñado ten coma base angular os obxectivos definidos de cara a mellorar a eficiencia no emprego dos medios dispoñibles, tanto nos medios físicos no propio centro (equipos, proxectores, aulas específicas, etc.) coma nos recursos dispoñibles a través da rede (aula virtual, abalarr, páxina web, etc.).

Deste xeito, agárdase mellorar a dinámica educativa exprimindo o máximo os recursos dispoñibles e as posibilidades que estes ofrecen.

Os Obxectivos definidos, poden se cadra, semellar conservadores, máis inciden en problemas reais detectados entre alumnado e profesorado no paso dos anos, tanto na experiencia docente coma na encargado TIC.

As ferramentas empregadas no plan (Selfie, DAFO, test CCD) axudaron a perfilar e concretar estes primeiros obxectivos que definen o plan de acción de cara o vindeiro curso, e mesmo amosaron outros que poderán ser tratados nos vindeiros plans unha vez se vaian acadando os obxectivos elixidos por seren considerados primordiais.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Pedagogía:Apoio e Recursos						
1. OBTXECTIVO (1):	Aumento do emprego de contornas virtuais de aprendizaxe.				IS Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBTXECTIVO (2)	Porcentaxe do profesorado con usuario e alomenos un curso activo na aula virtual.					
Valor de partida (3)	50%					
Valor previsto e data (4)	80% do profesorado con usuario e alomenos un curso activo na aula virtual.			30/Xuño/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Maior difusión especialmente entre o profesorado de nova incorporación	Responsable TIC	30/Xuño/2023	Ningún		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Claridade no sistema empregado para dinamizar o emprego da aula virtual	Responsable TIC	30/Xuño/2023	Medios informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Control a tempo real da porcentaxe de docentes con usuario activo na aula	Responsable TIC	30/Xuño/2023	Medios informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Infraestructuras e Equipos						
2. OBXECTIVO (1):		Dinamizar a detección e resolución de incidencias TIC no centro.			IS Acadado	
RESPONSABLE:		Responsable TIC			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Número emprego de medios dixitais para a recepción e rexistro de incidencias.				
Valor de partida (3)		0				
Valor previsto e data (4)		Creación dun modelo dixital de recepción de alomenos 15 incidencias no mesmo.		30/Xuño/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Creación dun modelo dixital único de recepción e rexistro de incidencias	Responsable TIC	30/Xuño/2023	Medios informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Difusión entre o profesorado do novo modelo	Jefatura/dirección/responsable TIC	30/Xuño/2023	Ningún		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Especial atención o profesorado de nova incorporación	Jefatura/dirección/responsable TIC	30/Xuño/2023	Ningún		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.4: Seguimento do número de incidencias rexistrado na base de datos	Responsable TIC	30/Xuño/2023	Medios informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Infraestructuras e Equipos						
3. OBXECTIVO (1):	Detección e mellora das necesidades do equipamento dixital do centro.				IS Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Grao do equipamento dixital do centro inventariado.					
Valor de partida (3)	0%					
Valor previsto e data (4)	50% do equipamento dixital do centro inventariado.			30/Xuño/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1:Detección da situación do equipamento	Responsable TIC	30/Xuño/2023	Medios informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Inventariado equipamento e características(ano , estado, etc)	Responsable TIC	30/Xuño/2023	Medios informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Inventariado dos sistemas operativos	Responsable TIC	30/Xuño/2023	Medios informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.4:	Secretaría/	30/Xuño/2023	Medios informáticos		Realizada	

Investigación dos trámites para a renovación do equipamento obsoleto por parte da xunta	dirección/ responsable TIC/coordinador zona plan dixital				Aprazada	
					Pendente	

Táboa 4: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Competencias dixitais do alumnado						
4. OBXECTIVO (1):	Dinamizar a detección e resolución de incidencias no emprego de ferramentas dixitais por parte do alumnado de cara a realización das tarefas e o acceso o material dixital empregado polo profesorado.				IS Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número emprego de medios dixitais para a recepción e rexistro de incidencias.					
Valor de partida (3)	0					
Valor previsto e data (4)	Creación dun modelo dixital de recepción de alomenos 10 incidencias no mesmo.			30/Xuño/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1: Creación dun modelo dixital único de recepción e rexistro de incidencias	Responsable TIC	30/Xuño/2023	Ningún		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Difusión entre o profesorado do novo modelo	Jefatura/dirección/responsable TIC	30/Xuño/2023	Ningún		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Especial atención o profesorado de nova incorporación	Jefatura/dirección/responsable TIC	30/Xuño/2023	Ningún		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.4: Control do	Responsable TIC	30/Xuño/2023	Medios informáticos		Realizada	

emprego da nova ferramenta de rexistro de incidencias de alumnado					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 5: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Infraestructuras e Equipos						
5. OBXECTIVO (1):	Mellora na aula específica “Informática I” tanto na dotación coma na distribución.				IS Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección/Secretaría				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Aumento do número de ordenadores dispoñibles para alumnado na devandita aula.					
Valor de partida (3)	22					
Valor previsto e data (4)	28			30/Xuño/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Estudio de posibles novas disposicións espaciais	Dirección/ Secretaría/ Responsable TIC	30/Xuño/2023	Ningún		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Estudio do material preciso e do dispoñible no centro de cara o aumento de postos (mesas, cadeiras, etc)	Jefatura/ dirección/ responsable TIC	30/Xuño/2023	Ningún		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Estudio ofertas equipamento (PC, Pantalla, etc)	Jefatura/ dirección/ responsable TIC	30/Xuño/2023	Económicos, medios informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

A05.4: Execución das melloras e rexistro do aumento de equipos dispoñibles.	Jefatura/dirección/responsable TIC	30/Xuño/2023	Económicos, medios informáticos.		Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que impliquen un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR:** Permitirán **avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) **ESTADO:** *Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento*

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A situación actual do centro en canto a infraestrutura, equipamento e servizos dixitais, quedou reflectida no apartado 2.1.

Nos obxectivos deste plan de acción quedan recollidas (de xeito directo nas táboas 3 e 5, e indirecto no resto dos obxectivos) as necesidades urxentes do centro en canto a equipamento.

De cara a dixitalización da educación, detéctase coma obxectivo primordial, a necesidades de dispoñer non so de material suficiente, se non fiable, no seu emprego cotiá.

No curso actual, as incidencias reflecten claramente que o equipamento do centro é insuficiente.

En canto a este equipamento, unha parte moi notable está claramente obsoleto, o que provoca que o traballo do alumnado no so se ve interrompido de xeito contínuo polo funcionanamento deficiente deste equipamento, se non que a maiores, crea desigualdades entre alumnado o conviviren equipos de diferentes dotacións e polo tanto con experiencias de uso radicalmente diferentes, o que influe de xeito notable no desenrolo das tarefas.

Deste xeito, de querer ter a máis mínima posibilidade de éxito na dixitalización da educación no centro, compre cubrir as necesidades de equipamento que permitan levala a cabo.

Neste sentido, coma necesidades máis urxentes cabería destacar:

- Renovación de equipos obsoletos da aula Informática I (12 equipos sobremesa). Dos 12 equipos mencionados, 5 con mais de 10 anos de antigüidade e 7 con máis de 15 anos.

Xuntificación particular: O acúmulo de incidencias desta aula é abrumador, e a experiencia de uso que traslada o profesorado e nefasta, manifestando de cotío que e imposible abordar tarefas coa máis mínima fiabilidade de poder levalas a cabo.

Esta sensación do profesorado é, segundo a nosa experiencia, a maior traba de cara a dixitalización, polo que consideramos que é primordial solventala coa maior celeridade.

- Aumento do número de postos da aula Informática I de 22 a 28 e renovación dos equipos obsoletos (8 equipos sobremesa)

Xustificación particular: O número de equipos na aula móstrase insuficiente de cara o número de alumnos dos grupos, polo que dificulta enormemente gran número de actividades que precisan traballo individual, dende tarefas a probas individuais ou exames.

- Necesidade de carros con equipos portátiles para o seu emprego en aulas comúns.

Xustificación particular: A crecente demanda das aulas específicas de informática dificulta o profesorado levar a cabo tarefas proxectadas que precisan o uso de equipos informáticos.

Por outra banda, todas as materias, e non so as de tipo técnico coma era común, están dixitalizándose de forma natural, polo que a demanda antes mencionada está a crecer de modo exponencial.

Por último, as novas materias do departamento de tecnoloxía, presentan gran cantidade de contidos e tarefas que non teñen sentido sen equipos informáticos para o alumnado, polo que se prantexa imposible desenrolar estas materias cos medios actuais do centro.

Dispor de carros con equipos que se poidan empregar fora das aula específicas, dotarían o centro dunha enorme flexibilidade de cara a dar cobertura as necesidades do alumnado e o profesorado, rebaixando a carga das aulas específicas.

Dende o equipo de dixitalización, e polos motivos descritos anteriormente, coidamos que estas necesidades son capitais, e de non levarse a cabo, todo o plan de dixitalización trocaría en papel mollado.

4. Avaliación do plan

Tal e como se manifesta no plan de acción, o seguimento da consecución levarase a cabo mediante accións e ferramentas que permitan a cuantificación da consecución de modo totalmente obxectivo.

- **Obxectivo 1: Aumento do emprego de contornas virtuais de aprendizaxe.**

Seguimento trimestral da porcentaxe de profesorado con usuario e curso activo na aula virtual ou contorna similar en relación co total do profesorado do centro. O seguimento é sinxelo, tomando nota dos usuarios que demandan creación de curso ou translación de curso creado á estrutura do ano en curso.

- **Obxectivo 2: Dinamizar a detección e resolución de incidencias TIC no centro.**

Seguimento trimestral do número de incidencias comunicadas a través da aula virtual empregando ferramenta de “base de datos”. Esta ferramenta almacena cada entrada cos campos requiridos, o que permite un sinxelo control trimestral e anual.

- **Obxectivo 3: Detección e mellora das necesidades do equipamento dixital do centro.**

Seguimento continuo e final da cantidade de equipación do centro que está referenciada e inventariada en folla de cálculo ou base de datos, reflectindo información sensible de cara a detección de equipamento que non ofrece servizo axeitado.

- **Obxectivo 4: Dinamizar a detección e resolución de incidencias no emprego de ferramentas dixitais por parte do alumnado de cara a realización das tarefas e o acceso o material dixital empregado polo profesorado.**

Seguimento trimestral do número de incidencias comunicadas a través da aula virtual empregando ferramenta de “base de datos”. Esta ferramenta almacena cada entrada cos campos requiridos, o que permite un sinxelo control trimestral e anual.

- **Obxectivo 5: Mellora na aula específica “Informática I” tanto na dotación coma na distribución.**

Inclusión no inventario do equipamento das aulas específicas. Control trimestral do desenvolvemento tanto da redistribución dos espazos coma da reposición de equipamento obsoleto coma do aumento de postos dispoñibles.

No caso de que esta avaliación continua ofrezca resultados non satisfactorios, reavalíaranse os obxectivos e sobre todo as accións que levan a súa consecución, co fin de resolver a falla de eficacia.

O final do ano académico avalíaranse os resultados, e en base a reflexión dos mesmos tomaranse en conta de cara o plan do vindeiro ano académico.

5. Difusión do plan

A nivel interno, o plan exporase ante o claustro docente e someterase á pertinente aprobación.

De cara o resto da comunidade educativa do centro, o plan será difundido a través da páxina web do centro, onde será accesible tanto para consulta coma para descarga.